

14 de xullo

Día Internacional da Visibilidade Non Binaria

A data celebrouse por primeira vez no ano 2012. Impulsárona diversos colectivos coa intención de nomear e dar visibilidade ás persoas que non se identifican total ou parcialmente cos xéneros *cis-binarios* asignados no nacemento (masculino e feminino), como pode ser o *xénero fluído*, o *axénero*, o *bixénero*, o *demixénero*, o *non binario*, entre outras identidades e existencias dentro do espectro non binario, nunha data entre o Día Internacional da Muller e o Día Internacional do Home.

Nacemos nunha sociedade patriarcal que nos encerra en dúas posibilidades de identidade de xénero. Pero no medio, *entre o que é ser home e ser muller*, temos un abano de posibilidades de identificación de xénero.

A diversidade existe e, polo tanto, debe ser respectada e, como todxs, teñen dereito a ter os mesmos dereitos a ser e a amar como senten e a ser chamados da forma que sexa, queiran e sintan.

A bandeira non binaria

Foi deseñada no 2014. Atribúese a súa autoría a Kye Rowan, entón un adolescente que se autoproclamaba «un vello guerreiro pola xustiza social».

O propósito de ter un símbolo de seu era delimitar as particularidades entre as persoas que se identifican como non binarias e as que se consideran fluídas de xénero.

Significado das cores da bandeira:



Amarelo: persoas que non se identifican nin asumen un sistema binario

Branco: para agrupar persoas ás que se supón que son varios ou todos os xéneros.

Morado: alusión a aqueles que están entre o masculino, o feminino ou unha mestura de ambos.

Negras: persoas que non asumen ningún xénero.